

O diálogo e a conversación



Como xa temos 9 ou 10 anos, sabemos que a forma máis habitual de comunicarnos é o diálogo; é dicir, falando entre dúas persoas por quendas.

Nun diálogo é fundamental que as dúas partes expresen os seus intereses, ideas e sentimentos con total liberdade e que se escoiten ata o final. É tan importante contar o que queremos decir como escutar o outro.

Nunha conversación pode haber máis de dúas persoas, pero as regras son as mesmas en todos os casos: escutar, respectar e esperar a nosa quenda. Iso non quere dicir que teñamos que pedir a vez para falar levantando a man, senón que debemos esperar a que o outro remate e non interrompelo.

Hai veces nas que algunas persoas falan máis alto que os demás para que os outros calen e se lles escute a eles, en vez de esperar. Isto pode pasar na clase, no patio, na rúa..., e ata nos programas de televisión. Cando acontece, a comunicación vólvese imposible, non nos entendemos e, ademais, podemos chegar a enfadarnos.

ACTIVIDADES

- 1 Que acontece cando nunha conversación todos falan á vez? Enténdense?
- 2 Como creis que son as persoas que respectan a quenda de palabra e escutan o que lles están dicindo?
- 3 Escrivide no voso caderno un diálogo entre tres personaxes no que non se respecten as normas que sinalamos.

O debate

Sabes que é un debate? Un debate é un intercambio organizado e razoable de opiniós entre varias persoas que opinan de forma diferente.

Para que nos axuden a aprender e a entendernos, os debates esixen que os participantes teñan información e expoñan as súas ideas dun xeito claro e ben argumentado, respectando as quendas de palabra e as opiniós dos demais, aínda que non coincidan coas súas.

Ás veces, os debates son espontáneos, é dicir, suceden sen preparación, pero outras moitas organízanse en lugares como a clase, a radio ou a televisión sobre un asunto concreto que sexa de especial importancia.

No último caso, o debate adoita dirixilo un moderador, é dicir, unha persoa encargada de organizar as quendas de palabra e de intervir cando algún dos participantes mostre unha actitude incorrecta ou pouco respectuosa, procurando que todos teñan as mesmas posibilidades de falar.

O obxectivo do debate é o intercambio de ideas e, na medida do posible, lograr un acordo sobre o asunto do que se trate.

ACTIVIDADES

- 1 Organizamos un debate na clase. Para iso imos seguir estes pasos:
 - a) Seleccionamos un tema.
 - b) Eliximos un moderador.
 - c) Facemos grupos, cada un cunha proposta.
 - d) Os participantes colócanse en forma de «U» co moderador no medio.
 - e) O moderador dará inicio ao debate, concedelle a quenda e chamaralle a atención a todo aquel que non o respecte ou non participe de forma adecuada.
 - f) Ao final, cada grupo resume a súa proposta.
- 2 Pareceuvos útil esta forma de comunicación? Chegastes a algúns acordo?

